



Acta nº 08-25/26

En Ourense a 25 de Xuño de 2026, ás 10:00 reunímonos Carlos Vila, María José Álvarez, Susana Rodríguez, Paula Atrio e Pablo Álvarez para o seguinte orde do día:

- Resultados da 3ª Avaliación e Final
- Análise final de programacións en Proens.
- Memoria final de departamento en Proens.
- Estado de talleres e posibles melloras.
- Rogos e Preguntas.

Resultado da 3ª avaliación e Final

Comézase a reunión amosando os indicadores elaborados cos datos facilitados por cada integrante do departamento de Tecnoloxía.

3ª AVALIACIÓN														
MATERIA	IMPARTE	A		B		C		D		E		TOTAL		
		ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSOS	% SUSPENSOS
1º Tecnoloxía e Dixitalización	Paula e Pablo	25	5	24	8	26	5	24	10	24	4	123	32	26,0%
2ª Tecnoloxía e Dixitalización	Paula e Susana	24	8	24	6	24	1	24	4	24	5	120	24	20,0%
3º Educación Dixital	Carlos	20	2	5	1			12	1			37	4	10,8%
4º Tecnoloxía	María José			9	1	5	0					14	1	7,1%
4º Dixitalización	Paula e Pablo	6	0	9	1	14	0	9	0			38	1	2,6%
4º Intelixencia Artificial	Susana	7	0	5	0	10	0	12	0			34	0	0,0%
1ºBac Tecnoloxía e Enxeñería	Carlos	3	0	5	0							8	0	0,0%
TIC I	Susana e Paula	5	0	7	0	8	0	9	0			29	0	0,0%
2ºBac Tecnoloxía e Enxeñería	María José			12	1							12	1	8,3%
TIC II	Carlos			10	0			1	0	1	0	12	0	0,0%
TOTAL												427	63	14,8%

Na terceira avaliación apréciase unha lixeira baixada na porcentaxe de suspensos e seguen a concentrarse na súa maioría nos cursos inferiores da ESO. Destacan 1ºESO e 2ºESO con porcentaxes superiores ao 20%. Coméntase que estes malos resultados adoitan ir ligados a alumnado con mal comportamento.

AVALIACIÓN FINAL														
MATERIA	IMPARTE	A		B		C		D		E		TOTAL		
		ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSOS	ALUMNOS	SUSPENSOS	% SUSPENSOS
1º Tecnoloxía e Dixitalización	Paula e Pablo	25	3	24	5	26	3	24	10	24	1	123	22	17,9%
2ª Tecnoloxía e Dixitalización	Paula e Susana	24	6	24	5	24	1	24	4	24	4	120	20	16,7%
3º Educación Dixital	Carlos	20	1	5	0			12	1			37	2	5,4%
4º Tecnoloxía	María José			9	2	5	2					14	4	28,6%
4º Dixitalización	Paula e Pablo	6	0	9	1	12	0	4	0			31	1	3,2%
4º Intelixencia Artificial	Susana	7	0	5	0	10	0	12	0			34	0	0,0%
1ºBac Tecnoloxía e Enxeñería	Carlos	3	0	5	0							8	0	0,0%
TIC I	Susana e Paula	5	0	7	0	8	0	9	0			29	0	0,0%
2ºBac Tecnoloxía e Enxeñería	María José			12	1							12	1	8,3%
TIC II	Carlos			10	0			1	0	1	0	12	0	0,0%
TOTAL												420	50	11,9%



Na avaliación final os datos suavízanse lixeiramente e o resultado global de suspensos acada o 11,9%, porén en Tecnoloxía e Dixitalización de 1º e 2º de ESO supérase o 15% e incluso en Tecnoloxía de 4ºESO a porcentaxe de suspensos supera o 25%.

A isto hai que engadir o feito de que, nesta terceira avaliación, dos 8 alumnos que teñen a materia pendente de cursos anteriores, ningún logrou recuperar a parte correspondente ó último exame de recuperación. Finalmente, todos eles tiveron ocasión de presentarse a un exame final de toda a materia, acadando o aprobado só 1 dos 8 alumnos.

Destacamos nesta reunión a previsión de que para o vindeiro curso exista moito máis alumnado coa materia de Tecnoloxía pendente.

Hai unanimidade en que as principais causas destes resultados son o escaso traballo e dedicación por parte do alumnado, así como o comportamento disruptivo dalgúns alumnos e alumnas que dificulta impartir clases e levar a cabo proxectos no taller.

Análise final das programacións didácticas

Fíxose un repaso á actualización das programacións didácticas en Proens e comprobouse que se cumpriron na súa totalidade a maioría delas, comentando as seguintes desviacións:

- 2ºESO Tecnoloxía e Dixitalización I: Non se puido afondar moito na unidade de Sistemas de Control.
- 4ºESO Dixitalización: Non se tivo tempo dabondo para afondar na unidade didáctica de Realidade Virtual.
- 4ºESO Tecnoloxía: Non se puido afondar nos contidos de IA e de Realidade Virtual.
- 1ºBach Tecnoloxía e Enxeñaría I: Levouse a cabo o proxecto pero houbera sido desexable dispor de máis tempo.

Memoria final de Departamento

Procédese a cubrir en Proens entre todos os membros do departamento de Tecnoloxía a Memoria final do departamento. Todos os membros fixeron a súa aportación para que se reflectiran as conclusións e ideas de forma colectiva.



Estado de talleres e posibles melloras

Acórdase deixar os talleres libres de proxectos deste curso a excepción daqueles que, pola súa calidade ou orixinalidade, mereza a pena conservalos a modo de exemplo para outros cursos.

Pablo propón que para o vindeiro curso se opte por pedir unha pequena aportación económica aos alumnos para sufragar os gastos de materiais necesarios para os proxectos. Este curso pedíuselle que colaborasen traendo material barato, pero na maioría das ocasións non era exactamente a referencia ou modelo necesario.

Rogos e Preguntas

Non houbo rogos nin preguntas.

Con todos estes asuntos, levantouse sesión ás 11:20.

Asinado Xefe do Departamento

Carlos Vila